DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	90

UNIDADE 3: TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS NO PLANO

DT2.B1.3.1. Comprende as características das transformacións homolóxicas, identifica os seus invariantes xeométricos e describe as súas aplicacións.	80
DT2.B1.3.2. Aplica a homoloxía e a afinidade á resolución de problemas xeométricos e á representación de formas planas.	90
DT2.B1.3.3. Deseña a partir dun bosquexo previo ou reproduce á escala conveniente figuras planas complexas, e indica graficamente a construción auxiliar utilizada.	90

UNIDADE 4: CURVAS CÓNICAS E TÉCNICAS

DT2.B1.2.1. Comprende a orixe das curvas cónicas e as relacións métricas entre elementos, describe as súas propiedades e identifica as súas aplicacións.	90
DT2.B1.2.2. Resolve problemas de pertenza, intersección e tanxencias entre liñas rectas e curvas cónicas, aplicando as súas propiedades, e xustifica o procedemento utilizado.	90
DT2.B1.2.3. Traza curvas cónicas logo de determinar os elementos que as definen, tales como eixes, focos, directrices, tanxentes ou asíntotas, resolvendo o seu trazado por puntos ou por homoloxía respecto á circunferencia.	90

UNIDADE 5: SISTEMA DIÉDRICO

. DT2.B2.1.1. Comprende os fundamentos ou principios xeométricos que condicionan o paralelismo e a perpendicularidade entre rectas e planos, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados como ferramenta base para resolver problemas de pertenza, posición, mínimas distancias e	90
--	----

verdadeira magnitude.	
DT2.B2.1.2. Representa figuras planas contidas en planos paralelos, perpendiculares ou oblicuos aos planos de proxección, trazando as súas proxeccións diédricas	90
DT2.B2.1.3. Determina a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras planas utilizando xiros, abatements ou cambios de plano en sistema diédrico e, de ser o caso, no sistema de planos cotados.	90
DT2.B2.1.4. Representa o hexaedro ou cubo en calquera posición respecto aos planos coordenados, o resto dos poliedros regulares, prismas e pirámides en posicións favorables, coa axuda das súas proxeccións diédricas, determinando partes vistas e ocultas.	80
DT2.B2.2.1. Representa cilindros e conos de revolución aplicando xiros ou cambios de plano para dispor as súas proxeccións diédricas en posición favorable para resolver problemas de medida.	80
DT2.B2.2.2. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, cilíndricas, cónicas e/ou esféricas, debuxando as súas proxeccións diédricas e obtendo a súa verdadeira magnitude.	90
DT2.B2.2.3. Acha a intersección entre liñas rectas e corpos xeométricos coa axuda das súas proxeccións diédricas ou a súa perspectiva, indicando o trazado auxiliar utilizado para a determinación dos puntos de entrada e saída.	80
DT2.B2.2.4. Desenvolve superficies poliédricas, cilíndricas e cónicas, coa axuda das súas proxeccións diédricas, utilizando xiros, abatements ou cambios de plano para obter a verdadeira magnitude das arestas e caras que as conforman.	70

UNIDADE 6: SISTEMA AXONOMÉTRICO ORTOGONAL

DT2.B2.3.1. Comprende os fundamentos da axonometría ortogonal, clasificando a súa tipoloxía en función da orientación do triedro fundamental, determinando o triángulo de trazas e calculando os coeficientes de redución.	80
DT2.B2.3.2. Debuxa axonometrías de corpos ou espazos definidos polas súas vistas principais, dispoño a súa posición en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e/ou da conveniencia dos trazados necesarios.	90
DT2.B2.3.3. Determina a sección plana de corpos ou espazos tridimensionais formados por superficies poliédricas, debuxando isometrías ou perspectivas cabaleiras.	80

DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	90
--	----

UNIDADE 7: DEBUXOS DE BOSQUEXOS

DT2.B3.1.1. Elabora e participa activamente en proxectos cooperativos de construción xeométrica, aplicando estratexias propias adecuadas á linguaxe do debuxo técnico.	60
DT2.B3.1.2. Identifica formas e medidas de obxectos industriais ou arquitectónicos, a partir dos planos técnicos que os definen.	80
DT2.B3.1.3. Debuxa bosquexos a man alzada e esbozos cotados para posibilitar a comunicación técnica con outras persoas.	90
DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.	60
DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	50
DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	20
DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	90

UNIDADE 8: ACOTACIÓN

DT2.B3.1.4. Elabora esbozos de conxuntos e/ou pezas industriais ou obxectos arquitectónicos, dispoño as vistas, os cortes e/ou as seccións necesarias, tomando medidas directamente da realidade ou de perspectivas a escala, elaborando bosquexos a man alzada para a elaboración de debuxos cotados e planos de montaxe, instalación, detalle ou fabricación, de acordo coa normativa de aplicación.	60
--	----

DT2.B3.2.1. Comprende as posibilidades das aplicacións informáticas relacionadas co debuxo técnico, e valora a exactitude, a rapidez e a limpeza que proporciona a súa utilización.	50
DT2.B3.2.2. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos coa axuda de programas de debuxo vectorial 2D, creando entidades, importando bloques de bibliotecas, editando obxectos e dispendo a información relacionada en capas diferenciadas pola súa utilidade.	20
DT2.B3.2.3. Representa obxectos industriais ou arquitectónicos utilizando programas de creación de modelos en 3D, inserindo sólidos elementais, manipulándoos ata obter a forma buscada, importando modelos ou obxectos de galerías ou bibliotecas, incorporando texturas, seleccionando o encadramento, a iluminación e o punto de vista adecuado ao propósito buscado.	20
DT2.B3.2.4. Presenta os traballos de debuxo técnico utilizando recursos gráficos e informáticos, de xeito que estes sexan claros e limpos, e que respondan ao obxectivo para os que se realizaron.	90

7. TEMPORALIZACIÓN

En 2º de Bacharelato o Debuxo Técnico impártense 4 horas semanais de docencia, que, por un total de 32 semanas ao curso, dan, aproximadamente, 128 sesións.

Descontando o feito de que deben realizarse alomenos 9 sesións de repaso e control ao longo do curso quedan en total 119 sesións de docencia.

Isto lévanos a dividir a materia en dous bloques ao longo do curso, dispoñendo de 58 sesións para o primeiro bloque e 59 sesións para o segundo bloque, que se distribuen da seguinte maneira:

BLOQUE 1. XEOMETRÍA E DEBUXO TÉCNICO

1ª avaliación: aproximadamente 45 sesións

2ª avaliación: aproximadamente 13 sesións

2ª avaliación: aproximadamente 28 sesións

3ª avaliación: aproximadamente 33 sesións

Este bloque de contidos se desenvolverá AO LONGO DE TODO CURSO, por tratarse de conceptos asociados a todos os demais temas do debuxo técnico, tanto á xeometría plana, como aos sistemas de representación.

8.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA

Os procedementos constitúen unha parte moi importante no debuxo técnico, xa que son o medio de concreción e consolidación dos conceptos. Na aula estruturaránse da maneira seguinte: información e conceptualización, interpretación gráfica mediante a análise de procedementos e solucións, construción e solución de problemas.

Os exemplos permiten establecer a relación entre o debuxo técnico e a súa aplicación real, polo que os alumnos comezarán repetindo a man alzada ou con patróns os exemplos que ilustran cada un dos apartados de cada unidade. Nalgúns casos pasarán a practicar con exercicios xa solucionados pola profesora, para terminar por atopar eles mesmos solucións a diferentes problemas.

Como liñas metodolóxicas no desenvolvemento deste currículo, propóñense, entre outras:

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas que o compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

As ilustracións tridimensionais e bidimensionais son as referencias máis cercanas que facilitan a posterior simplificación, conceptualización e abstracción técnica. Estas ilustracións poden provir de distintas fontes como libros de texto e fotocopias deles, páxinas web, presentacións audiovisuais ou as explicacións da profesora na pizarra.

As clases da materia de debuxo técnico se impartirán na aula de debuxo, correctamente equipada para facilitar impartir a materia e que os alumnos traballen cómodamente. Contamos con modelos de poliedros e outras pezas tridimensionais.

Os alumnos traballarán con material elaborado polo departamento, que se poñerá á súa disposición por medio de fotocopias.

Existe ademáis un canón de vídeo na aula, conectado ó ordenador da profesora, por medio do cal pódense realizar moitas das exposicións teóricas e exemplos prácticos que require a materia.

Os indicadores de logro son instrumentos que utiliza o profesor para avaliar a súa propia práctica docente. Para isto utilízanse varios procedementos que forman parte dos criterios de cualificación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis. Os instrumentos de avaliación máis idóneos para dita identificación son a rúbrica e o portfolio.

As rúbricas: son instrumentos para o rexistro e análise de información obtida sobre a execución dunha tarefa por parte dun alumno.

O portfolio: é a ferramenta que recolle e reflicte o proceso de aprendizaxe do alumno de forma complexa e completa.

O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica na programación de Aula.

A continuación sinalamos aqueles descritores/indicadores que deben terse en conta para a avaliación do proceso, desglosados por unidades didácticas:

Unidade 1: Trazados no plano	1	2	3	4
Adquire o concepto de lugar xeométrico e recoñece diferentes lugares xeométricos.				
Describe os conceptos relacionados coa circunferencia e valora a importancia do arco capaz como lugar xeométrico.				
Rectifica arcos, circunferencias e curvas en xeral.				
Determina seccións áureas e construe rectángulos áureos.				
Identifica seccións áureas presentes en obras arquitectónicas e na arte en xeral.				
Identifica a equivalencia como unha relación xeométrica que pode establecerse entre figuras planas.				
Valora a importancia de dominar as construcións sobre lugares xeométricos, rectificacións, seccións áureas e equivalencia.				
Unidade 2: Polígonos regulares	1	2	3	4
Coñece e aplica os criterios de clasificación de polígonos e as súas propiedades.				
Identifica os puntos e as rectas notables dun triángulo.				
Construe polígonos regulares, convexos e estrelados.				
Coñece e aplica os fundamentos das redes planas, a súa construción e a xeración de mosaicos.				
Determina graficamente os puntos e rectas notables dun triángulo.				
Valora a importancia dos polígonos nos ámbitos científico-tecnolóxico e artístico.				
Identifica a existencia de polígonos e redes en mosaicos de creacións artísticas.				
	1	2	3	4

Unidade 3: Transformacións xeométricas no plano				
Considera e utiliza a xeometría proxectiva como unha ampliación da xeometría euclídea coñecida.				
Adquire os conceptos de elementos impropios, proxectividade e perspectividade así como das operacións proxectivas e dos invariantes.				
Asimila as transformacións proxectivas e recoñece as transformacións métricas como casos particulares daquelas.				
Relaciona as transformacións homolóxicas coas súas aplicacións á xeometría plana e aos sistemas de representación, valorando a rapidez e exactitude nos trazados que proporciona a súa utilización.				
Valora as aplicacións da xeometría proxectiva ao debuxo técnico.				
Situa a potencia, a polaridade e a inversión no contexto das transformacións xeométricas.				
Resolve problemas de tanxencias mediante a aplicación das propiedades do arco capaz dos eixes e centros radicais e/ou transformación de circunferencias e rectas por inversión, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de ligazón e a relación entre os seus elementos.				
Unidade 4: Curvas cónicas e técnicas	1	2	3	4
Aplica os coñecementos das curvas técnicas adquiridos anteriormente.				
Debuxa curvas técnicas identificando os seus principais elementos e utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.				
Manexa con destreza os instrumentos de debuxo (compás, modelos de curvas etc).				
Recoñece a importancia das curvas técnicas, tanto no ámbito tecnolóxico como no artístico.				
Aplica os coñecementos das curvas cónicas adquiridos anteriormente.				

Debuxa curvas cónicas mediante diferentes métodos identificando os seus principais elementos e utilizando as súas propiedades fundamentais para resolver problemas de pertenza, tanxencia ou incidencia.				
Manexa con destreza os instrumentos de debuxo (compás, modelos de curvas etc ...).				
Recoñece a importancia das curvas cónicas, tanto no ámbito tecnolóxico coma no artístico.				
Unidade5: Sistema Diédrico	1	2	3	4
Analiza e interpreta as relacións de intersección, paralelismo e perpendicularidade entre rectas, entre planos e entre rectas e planos.				
Resolve graficamente problemas de intersección, paralelismo e perpendicularidade con puntos, rectas e planos.				
Manifesta interese en visualizar e experimentar coas posicións relativas, a intersección, o paralelismo e a perpendicularidade entre os diversos elementos xeométricos no espazo e no sistema diédrico.				
Valora a importancia de resolver con habilidade as situacións sobre posicións relativas entre os elementos xeométricos fundamentais.				
Aplica as técnicas construtivas de cada un dos métodos propios do sistema diédrico.				
Calcula graficamente as verdadeiras magnitudes de segmentos, figuras planas, distancias, ángulos pendentes de rectas e pendentes de planos.				
Aplica os criterios necesarios para saber escoller en cada caso o método máis adecuado para medir distancias entre os elementos xeométricos fundamentais.				
Valora a utilidade dos métodos operativos do sistema diédrico para resolver xeometricamente problemas de diversos ámbitos, xeométricos, técnicos, artísticos...				
Sabe representar no sistema diédrico diversas superficies radiadas, obter as súas seccións planas e determinar a súa verdadeira magnitude e o seu desenvolvemento.				

Sabe representar no sistema diédrico a esfera, obter as súas seccións planas e determinar a imposibilidade de obter o seu desenvolvemento plano.				
Analiza no espazo as distintas posicións singulares respecto dos planos de proxección que poden adoptar as superficies radiadas.				
Valora a importancia das superficies radiadas e da esfera nos ámbitos científico-técnico e artístico.				
Sabe representar no sistema diédrico os poliedros regulares.				
Sabe determinar o desenvolvemento e as seccións planas de poliedros regulares.				
Analiza no espazo as distintas posicións singulares respecto dos planos de proxección que poden adoptar os poliedros regulares.				
Aprecia a necesidade de construír e representar no sistema diédrico os poliedros regulares.				
Valora a importancia dos poliedros regulares nos ámbitos científico-técnico e artístico.				
Unidade 6: Sistema Axonométrico Ortogonal	1	2	3	4
Debuxa axonometrías de poliedros e corpos de revolución, dispoñendo a súa posición en función da importancia das caras a mostrar, utilizando abatemento de figuras, calculando os coeficientes de redución e determinando as seccións planas principais.				
Relaciona o sistema diédrico e axonométrico e pasa dun a outro e viceversa.				
Valora e aprecia a facilidade de interpretar os sólidos que están representados no sistema axonométrico.				
	1	2	3	4
Unidade 7: Debuxo de bosquexos				
Utiliza de forma adecuada os cortes e seccións de obxectos para clarificar a súa representación.				

Coñece e aplica as simplificacións normalizadas para efectuar representacións.				
Coñece e representa elementos roscados e roscas métricas.				
Determina interseccións entre corpos xeométricos diferenciando liñas reais e ficticias.				
Valora a utilidade dos cortes, seccións, roturas e simplificacións na representación de roscas métricas e outros obxectos.				
Unidade 15: Acotación	1	2	3	4
Coñece e aplica os convencionalismos do debuxo de conxunto, de arquitectura e de construción.				
Coñece o fundamento dos planos de debuxos de conxunto, de arquitectura e de construción, distinguindo entre plantas, alzados e seccións.				

Os procedementos constitúen unha parte moi importante no debuxo técnico, xa que son o medio de concreción e consolidación dos conceptos. Na aula estruturaránse da maneira seguinte: información e conceptualización, interpretación gráfica mediante a análise de procedementos e solucións, construción e solución de problemas.

Os exemplos permiten establecer a relación entre o debuxo técnico e a súa aplicación real, polo que os alumnos comezarán repetindo a man alzada ou con patróns os exemplos que ilustran cada un dos apartados de cada unidade. Nalgúns casos pasarán a practicar con exercicios xa solucionados pola profesora, para terminar por atopar eles mesmos solucións a diferentes problemas.

Como liñas metodolóxicas no desenvolvemento deste currículo, propóñense, entre outras:

- Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.
- Traballar con casos prácticos encamiñados á resolución de problemas reais, presentes na vida cotiá.
- Propiciar o traballo en grupo, respectando a iniciativa e creatividade de cada unha das persoas queo compoñen.
- Uso das novas tecnoloxías da información e comunicación, tanto para a busca e selección de informacións específicas como para a elaboración de proxectos creativos.
- Potenciar a flexibilidade na elección de tratamentos ou recursos gráficos na resolución de proxectos.
- Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

A diversificación curricular debe tratarse como unha forma de atención á diversidade que se dá de modo natural en todos os niveis educativos.

Trala avaliación inicial do alumnado e a información facilitada polo equipo de Orientación do centro e o profesorado; consideraranse as diferentes medidas educativas de atención á diversidade que se deban levar a cabo. No caso de detectar alumnado con necesidades específicas, traballarase nas diferentes medidas posibles para adecuar os obxectivos, contidos ou metodoloxía as características de dito alumnado. Ademais de medidas de reforzo ou adaptación curricular podemos establecer outras medidas que teñan que ver coa integración do alumno/a no grupo da clase, ubicación, adaptación dos recursos pedagóxicos, ou a ampliación de contido ou exercicios de maior nivel para alumnado de altas capacidades.

Neste sentido a materia de Debuxo Técnico II traballará nos seguintes elementos transversais:

A formulación de problemas pode contribuír a desenrolar actitudes de solidariedade, cooperación e respecto ás opinións e formas expresivas alleas a través do traballo en grupo, que se converte, así, noutro dos eixes metodolóxicos e organizativos na aula.

Preténdese dotar ó alumnado de instrumentos para desenvolverse na sociedade de consumo e que adquiran unha actitude crítica ante as necesidades que se queiran crear actualmente a través da publicidade e das películas que presentan unha sociedade baseada no consumo.

Nas actividades de grupo é necesario propiciar o intercambio fluído de papeis entre alumnos e alumnas, e potencia-la participación destas nos debates e toma de decisións como mecanismo corrector de situacións de discriminación sexista. Contribuirase deste xeito, desde a propia actividade da aula, a establecer unhas relacións máis xustas e equilibradas entre as persoas.

As características da área permiten o coñecemento e a apreciación das manifestacións artísticas, tanto actuais como de outros tempos, de outras culturas distintas á nosa, tratando de que o alumnado saiba respectalas e valoralas.

Dadas as características especiais do curso de 2º BACHARELATO, o Departamento de Debuxo limitará as actividades extraescolares, reducíndoas ás seguintes:

- Participación en certames convocados polo propio centro e outras institucións ou organismos culturais.
- Exposicións de traballos (en colaboración ou non con outras materias e niveis), involucrando ao alumnado en todo o proceso de organización.
- Actividades de deseño e intervencións artísticas no centro.
- Charlas ou obradoiros a realizar no propio centro escolar.

Para saber se as actividades propostas e os contidos traballados en cada unidade didáctica cumpriron os obxectivos desexados, faremos, ó remate de cada avaliación/trimestre unha autoavaliación, atendendo ós seguintes indicadores:

- Desenvolvemento na clase da programación e a adecuación da temporalización.
- Relación entre obxectivos e contidos.
- Adecuación de obxectivos e contidos ó nivel do alumnado e ás súas necesidades.
- Adecuación da metodoloxía empregada.
- Adecuación dos medios e material didáctico empregado.
- Coordinación dos contidos traballados cos dados en outras áreas coas que teñan relación.
- Interese mostrado polo alumnado.
- Adecuación da programación para o desenvolvemento das competencias básicas do alumnado.

No proceso de autoavaliación terá un importante papel o alumnado, mediante intercambios orais, postas en común arredor dos puntos anteriormente citados e cuestionarios escritos.

Haberá que observar atentamente tamén os resultados académicos do alumnado de xeito combinado coa propia avaliación, para detectar os posibles fallos de metodoloxía docente de cada unidade didáctica, e ilos corrixindo para mellorar a programación e adecuala ás diferentes circunstancias de cada grupo de alumnos, curso, etc.

Memoria de departamento: Farase un balanço do acadado en relación co establecido na programación, para esa maneira poder facer modificacións de cara o curso vindeiro.

RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES DO DEPARTAMENTO DE DEBUXO :

Alumnado con materias pendentes no curso 2022/2023

Actualmente no centro existe o seguinte alumnado con materias pendentes no departamento:

2 alumn@s con pendente EPVA de 4º

2 alumnos con pendente DEBUXO ARTÍSTICO 1

3 alumnos con pendente DEBUXO TÉCNICO 2

RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE PENDENTES.

Mecanismos para o seguimento: Co obxecto de facilitar ao alumnado da ESO e do Bacharelato que teña materias pendentes dos anos anteriores, na área de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos de 1o e 3o da ESO, de Debuxo Técnico no curso de 1o de Bacharelato, e Debuxo Artístico 2 a súa superación, e para organizar as actividades que permitan facerlle un seguimento, así como a recuperación e a avaliación das mesmas, establécense dous procedementos que non son mutuamente excluíntes.

- Procedemento de superación continuado: Consistirá nun seguimento parcial e continuado do alumno, no proceso de aprendizaxe e superación, da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, correspondente aos cursos de 1o ou 3o da ESO ou da materia de Debuxo Técnico de 1o de Bacharelato que o alumno teña pendente. En base as competencias clave a acadar, aos obxectivos perseguidos, aos contidos a impartir, así como aos criterios da avaliación especificados, así como ao grao mínimo de consecución establecidos para eles, na correspondente programación, para o desenvolvemento de cada materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos de 1o e 3o da ESO ou para a materia de Debuxo Técnico I de Bacharelato; así como a secuenciación e temporalización das materias especificadas por avaliacións nas mesmas; márcanse igualmente tres bloques parciais correspondentes cada un deles, con cada avaliación do curso; e establécense para cada bloque o seguinte plan de traballo:

Exercicios prácticos e láminas: proposición ao comezo do curso ou de cada bloque por parte do profesor da materia de cada curso, no que existan alumnos coas materias pendentes, dunha serie de exercicios prácticos e láminas, propostas xa no ano anterior, para a súa realización por parte do alumnado na casa. Debendo realizar este unha entrega da metade dos mesmos no medio da avaliación e da outra metade, ao finalizar esta, (marcándose datas de entrega específicas en cada caso). Se establecerá un recreo, un ou dous días á semana (a determinar co alumnado, según as súas necesidades o número de alumnos pendentes e do tempo dispoñible), na aula de debuxo, para clases de recuperación, aclaración de dúbidas teóricas e prácticas e para facer un seguimento do traballo dos alumnos, para que o entreguen nas datas fixadas; sendo a asistencia a aula de debuxo, nos citados recreos obrigatoria. Proba teórico-práctica: coincidindo sensiblemente co final da avaliación, realizarase unha proba por bloque, dividida en dúas partes: a primeira escrita e teórica na que se poñerán preguntas curtas conceptuais sobre a materia abarcada e onde o alumno poida demostrar o seu grao de aprendizaxe conceptual e actitudinal; e a segunda práctica, na que se poñerán exercicios prácticos do estilo dos realizados nas láminas de cada bloque, onde o alumno poida demostrar a súa capacidade de análise, creatividade, dominio das técnicas gráfico-plásticas e dominio das linguaxes xeométricas e técnicas, así como a orde na realización dos traballos.

- Procedemento de superación en proba global final: Realizaranse unha proba global final, para as materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, correspondentes aos cursos 1o e 3o da ESO, e para a materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato, realizaranse unha proba global final ordinaria e outra extraordinaria, nas que se necesiten, por haber alumnos con materias pendentes; celebrándose antes da correspondente xunta de avaliación final do curso, e á que poderán presentarse os alumnos que teñan estas materias pendentes, así como os que non conseguiran superar a materia pendente, polo procedemento descrito anteriormente.

Como se avalía e como se calcula a cualificación final: Para a superación das materias pendentes polo “procedemento de superación continuado” antes descrito, é necesario entregar todos os exercicios prácticos e láminas propostas para cada bloque; así como presentarse ás probas teórico-prácticas de todos os bloques.

A puntuación de cada bloque obterase do seguinte xeito:

- Na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual de 1o e 3o curso da ESO.

Un 40% da cualificación obterase da media aritmética, correspondente aos exercicios prácticos e láminas feitos e entregados durante o período de desenvolvemento do bloque correspondente, sendo cada traballo do mesmo, puntuado de xeito individual.

Un 60% da cualificación corresponderá á proba teórico-práctica, valorándose de igual forma a parte teórica de coñecementos conceptuais e actitudinais, que a parte práctica de valoración de procedementos e destrezas (30% cada unha).

- Na materia de Debuxo Técnico de 1o curso de Bacharelato.

- Un 25% da cualificación obterase da media aritmética, correspondente aos exercicios prácticos e láminas feitas e entregadas durante o período de desenvolvemento do bloque correspondente, sendo cada traballo do mesmo, puntuado de xeito individual.

- Un 75% da cualificación corresponderá á proba teórico-práctica, cando esta teña dúas partes diferenciadas, lles corresponderá o 25% a nota da parte teórica de coñecementos conceptuais e actitudinais e un 50% a nota da parte práctica de valoración de procedementos e destrezas.

- Na materia de Debuxo Artístico I xa que na programación non existe proba escrita, a media da avaliación será a media dos traballos entregados sendo como mínima nota un 3 para facer media.

A nota final das materias pendentes de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ou de Debuxo Técnico, por este procedemento, obterase por redondeo (salvo no intervalo do 4 ao 5 que se obterá por truncamento) da media aritmética das notas obtidas en cada bloque; sempre e cando en cada un deles, por separado, non se teña unha nota inferior a 3 puntos nas materias de Educación Plástica, Visual e Audiovisual; ou non se teña unha nota inferior a 4 puntos na materia de Debuxo Técnico; nin se teña máis dun bloque cunha nota inferior a 5 puntos; precisando para aprobar chegar á nota final de 5 puntos.

Para a superación das materias pendentes polo “procedemento de superación en proba global final” os exames constarán de:

- Unha parte teórica consistente nunhas preguntas curtas, que comprendan contidos de todas as unidades didácticas ou temas da programación do curso, nas que se avaliarán contidos e actitudes, relacionados cos obxectivos e coas competencias. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade desta parte.

- Unha parte práctica con 1 ou 2 exercicios relacionados con varias unidades didácticas ou temas, na que o alumnado poda demostrar a súa capacidade de análise, de creatividade, de iniciativa persoal, do dominio das técnicas gráfico-plásticas e do dominio da linguaxe xeométrica e técnica, así como a orde na realización dos exercicios; relacionados tamén cos obxectivos e coas competencias. Puntuando sobre 10 puntos a totalidade de esta segunda parte tamén.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual nos cursos da ESO, obterase como redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), da media aritmética das notas das dúas probas, sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 3 puntos.

A nota final correspondente a estas probas na materia de Debuxo Técnico I do curso de 1o de Bacharelato, tanto na convocatoria ordinaria, como na extraordinaria, estará formada por un 30% da nota da parte teórica e dun 70% da nota da parte práctica, calculando a nota final por redondeo (salvo no tramo do 4 ao 5 que se fará por truncamento), sempre e cando en cada unha delas por separado, se consiga un mínimo de 4 puntos.

Nalgunha ocasión tamén se poderá optar por unha única proba, tanto na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, como na de Debuxo Técnico, que englobe preguntas tanto teóricas como prácticas, similares ás das probas citadas anteriormente. Puntuando neste caso a totalidade desta proba sobre 10 puntos. Nos dous casos citados, para o aprobado o alumno deberá chegar aos 5 puntos.

ACREDITACIÓN DOS COÑECEMENTOS PREVIOS NO BACHARELATO.

No caso de alumnos de 2o de Bacharelato, que queiran cursar Debuxo Técnico II, sin ter cursado Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato; por considerarse ambas materias en continuidade, xa que non se pode aprobar Debuxo Técnico II de 2o de Bacharelato, sin ter aprobado o Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato; o Departamento de Debuxo deste centro, establece un procedemento para a Acreditación dos Coñecementos Previos da materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato, para os casos antes citados, consistente no mesmo procedemento explicado no apartado anterior desta programación para o alumnado matriculado en 2o de Bacharelato, coa materia de Debuxo Técnico I de 1o de Bacharelato pendente, dispoñendo tamén neste caso dos dous procedementos alí descritos :

“Procedemento de Superación Continuado” e “Procedemento de Superación en Proba Global Final, podéndose facer esta última, tanto en setembro antes de comezar o curso, como ao final de curso antes de obter a nota final do debuxo técnico II de 2o de Bacharelato, si non se superou o procedemento de superación continuado.

